

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AGRA DE LEBORÍS  
CURSO: 4º ESO  
MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA  
DEPARTAMENTO: LINGUA CASTELÁ  
DATA: 11 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar</b>	<b>Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar</b>
B1.1. Comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.	LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo e laboral, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante. LCLB1.1.3. Retén información relevante. LCLB1.1.5. Distingue entre información e opinión en mensaxes procedentes dos medios de comunicación. LCLB1.1.6. Segue e interpreta instrucións orais.
B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.	LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a estrutura e a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante. LCLB1.2.2. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal. LCLB1.2.3. Retén información relevante e extrae informacións concretas. LCLB1.2.4. Interpreta e valora aspectos concretos do contido de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, emitindo xuízos razoados e relacionándoos con conceptos persoais, para xustificar un punto de vista particular. LCLB1.2.6. Resume textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos de forma clara.
B1.3. Comprender o sentido global e a intención de textos orais.	LCLB1.3.1. escoita, observa e interpreta o sentido global de debates, coloquios e conversas espontáneas identificando a información relevante. LCLB1.3.5. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.
B1.4. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente as producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (xestos, movementos, ollada, etc.).	LCLB1.4.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais e valora a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos. LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre, volume, etc.) a ollada, a colocación, a linguaxe corporal, a xestión de tempos e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.
B1.6. Aprender a falar en público, en situacións formais ou informais, de xeito individual ou en grupo.	LCLB1.6.1. Realiza presentacións orais de forma individual ou en grupo, planificando o proceso de oralidade, organizando o contido, consultando fontes de información diversas, xestionando o tempo e transmitindo a información de xeito coherente, aproveitando vídeos,

	gravacións ou outros soportes dixitais.
	LCLB1.6.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.
	LCLB1.6.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.
	LCLB1.6.6. Aplica os coñecementos gramaticais á avaliación e á mellora da expresión oral, recoñecendo en exposicións orais propias ou alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, impropiedades léxicas, pobreza e repetición de conectores etc.).
B1.7. Coñecer, comparar, usar e valorar as normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas, e nas prácticas discursivas orais propias dos medios de comunicación.	LCLB1.7.1. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral.
	LCLB1.7.3. Participa activamente nos debates escolares, respectando as regras de intervención, interacción e cortesía que os regulan, utilizando unha linguaxe non discriminatoria.
<b>Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir</b>	<b>Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir</b>
B2.1. Aplicar diferentes estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos	LCLB2.1.1. Comprende textos de diversa índole pondo en práctica diferentes estratexias de lectura e autoavaliación da súa propia comprensión en función do obxectivo e o tipo de texto.
	LCLB2.1.2. Localiza, relaciona e secuencia as informacións explícitas dos textos.
	LCLB2.1.3. Infíre a información relevante dos textos, identificando a idea principal e as secundarias, e establecendo relacións entre elas.
B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos escritos en diferentes soportes e formatos.	LCLB2.2.1. Recoñece e expresa o tema, as ideas principais, a estrutura e a intención comunicativa de textos escritos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral, e de relacións con organizacións, identificando a tipoloxía textual seleccionada (narración, exposición, etc.), a organización do contido e o formato utilizado.
	LCLB2.2.2. Identifica os trazos diferenciais dos xéneros xornalísticos informativos e de opinión (noticias, reportaxes, editoriais, artigos e columnas, cartas á dirección, comentarios e crítica).
B2.3. Manifestar unha actitude crítica ante a lectura de calquera tipo de textos ou obras literarias a través dunha lectura reflexiva que permita identificar posturas de acordo ou desacordo, respectando sempre as opinións dos demais.	LCLB2.3.1. Identifica e expresa as posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.
	LCLB2.3.2. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.
	LCLB2.3.3. Respecta as opinións das demais persoas.
B2.4. Seleccionar os coñecementos que se obteñan das bibliotecas ou de calquera outra fonte de información impresa en papel ou dixital, integrándoos nun proceso de aprendizaxe continua.	LCLB2.4.1. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.

	LCLB2.4.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.
B2.5. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.	LCLB2.5.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.).
	LCLB2.5.3. Escribe textos en diferentes soportes usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas, e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
B2.6. Escribir textos en relación co ámbito de uso.	LCLB2.6.1. Redacta con claridade e corrección textos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.
	LCLB2.6.2. Redacta con claridade e corrección textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, adecuándose aos trazos propios da tipoloxía seleccionada.
	LCLB2.6.4. Resume o contido de calquera tipo de texto, recollendo as ideas principais con coherencia e cohesión e expresándoas cun estilo propio, evitando reproducir literalmente as palabras do texto.
	LCLB2.6.5. Realiza esquemas e mapas conceptuais que estruturen o contido dos textos traballados.
B2.7. Valorar a importancia da lectura e a escritura como ferramentas de adquisición das aprendizaxes e como estímulo do desenvolvemento persoal.	LCLB2.7.1. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento que é capaz de organizar o seu pensamento.
	LCLB2.7.3. Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a lectura e a escritura.
	LCLB2.7.4. Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, participando, intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou escribindo e dando a coñecer os seus propios.
<b>Bloque 3. Coñecemento da lingua</b>	<b>Bloque 3. Coñecemento da lingua</b>
B3.1. Recoñecer e explicar os valores expresivos que adquiren determinadas categorías gramaticais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen, con especial atención a adxectivos, determinantes e pronomes.	LCLB3.1.1. Explica os valores expresivos que adquiren algúns adxectivos, determinantes e pronomes en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.
B3.2. Recoñecer e explicar os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.	LCLB3.2.1. Recoñece e explica os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.
B3.3. Recoñecer e explicar o significado dos principais prefixos e sufixos, e as súas posibilidades de combinación para crear novas palabras, identificando os que proceden do latín e do grego.	LCLB3.3.1. Recoñece os procedementos para a formación de palabras novas e explica o valor significativo dos prefixos e dos sufixos.
	LCLB3.3.2. Forma substantivos, adxectivos, verbos e adverbios a partir doutras categorías gramaticais, utilizando diversos procedementos lingüísticos.
	LCLB3.3.3. Coñece o significado dos principais prefixos e sufixos de orixe grecolatina e utilízalos para deducir o significado de palabras descoñecidas.

	LCLB3.4.2. Explica con precisión o significado de palabras, e usa a acepción adecuada en relación ao contexto en que aparecen.
B3.5. Usar correcta e eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital.	LCLB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital.
B3.6. Explicar e describir os trazos que determinan os límites oracionais para recoñecer a estrutura das oracións compostas.	LCLB3.6.1. Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas, usando conectores e outros procedementos de substitución para evitar repeticións.
	LCLB3.6.2. Recoñece a palabra nuclear que organiza sintacticamente e semanticamente un enunciado, así como os elementos que se agrupan arredor dela.
	LCLB3.6.3. Recoñece a equivalencia semántica e funcional entre o substantivo con oracións, substantivas, transformando e ampliando substantivos en oracións subordinadas e inseríndoas como constituíntes doutra oración.
B3.8. Identificar e explicar as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás estruturas expositivas e argumentativas, para utilizalas nas súas producións orais e escritas.	LCLB3.8.1. Identifica e explica as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás expositivas e argumentativas, e utilízalas nas propias producións orais e escritas.
	LCLB3.8.2. Coñece os elementos da situación comunicativa que determinan os usos lingüísticos (tema, propósito, destinatario, xénero textual, etc.).
	LCLB3.8.3. Describe os trazos lingüísticos máis sobresalientes de textos expositivos e argumentativos, relacionándoos coa intención comunicativa e o contexto en que se producen.
B3.9. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os conectores textuais.	LCLB3.9.1. Recoñece e utiliza a substitución léxica.
	LCLB3.9.2. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que proporcionan cohesión a un texto.
<b>Bloque 4. Educación literaria</b>	<b>Bloque 4. Educación literaria</b>
B4.1. Favorecer a lectura e comprensión de obras literarias da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil.	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos e ás súas afeccións.
	LCLB4.1.2. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.
	LCLB4.1.3. Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.
	LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo dos diversos períodos histórico-literarios, ata a actualidade.
B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite	LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.

explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.	
	LCLB4.3.2. Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou seleccionadas polos alumnos, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma.
B4.4. Comprender textos literarios representativos desde o século XVIII aos nosos días, recoñecendo a intención do/da autor/a, o tema e os trazos propios do xénero ao que pertence, e relacionando o seu contido co contexto sociocultural e literario da época, ou doutras épocas, e expresando a relación con xuízos persoais razoados.	LCLB4.4.1. Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura desde o século XVIII aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.
B4.5. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	LCLB4.5.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados, seguindo as convencións do xénero e con intención lúdica e creativa.
B4.6. Consultar e citar adecuadamente fontes de información variadas para realizar un traballo educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.	LCLB4.6.1. Consulta e cita adecuadamente varias fontes de información para desenvolver por escrito, con rigor, claridade e coherencia, un tema relacionado co currículo de Literatura.
	LCLB4.6.3. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b> A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo, coas adaptacións metodolóxicas para a superación das materias pendentes, sen <b>ver minorados os resultados</b> obtidos nas avaliacións dos trimestres anteriores.</p> <p><b>Instrumentos:</b> O profesorado de Lingua castelá avaliará este período a través das actividades, tarefas e exercicios que se detallan no apartado 3 de <i>Metodoloxía e actividades</i>. A este efecto seguiranse as seguintes indicacións:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>a) Os profesores do departamento comprobarán a efectiva realización dos exercicios, traballos específicos, lecturas, redaccións, producións de textos creativos, presentacións orais, etc., que tivesen indicado aos seus alumnos.</li><li>b) O alumnado coa materia suspensa nas avaliacións primeira e/ou segunda, terá a posibilidade de recuperala realizando un caderno específico de recuperación, con exercicios e tarefas referidos aos dous primeiros trimestres.</li><li>c) A realización comprobada destas tarefas é o elemento principal que se terá en consideración. A maiores, considerarase a corrección e calidade con que foron concluídos, a entrega das mesmas dentro do prazo establecido, así como a atención que mostraron en cada caso ás observacións do profesor ou profesora.</li><li>d) O profesorado estará atento aos casos de alumnos que teñen dificultades ou impedimentos para acceder aos medios tecnolóxicos e de comunicación empregados neste período. Ningún alumno ou alumna nestas circunstancias pode ser obxecto de avaliación negativa.</li><li>e) d) Atendendo ao carácter formativo e de diagnóstico que se asignou á avaliación deste período, o valor dos distintos rexistros e informacións que ofrecen as actividades como instrumentos de cualificación é o de contribuír en conxunto, de forma moi importante, á configuración da cualificación final.</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Os criterios que deben servir de referencia para a toma de decisións en relación coa superación da materia serán os seguintes, <b>sen prexuízo do carácter integrador e colexiado</b> que sinala a normativa, tendo en conta que é no marco das sesións da avaliación onde se adoptarán as decisións orientadas a cumprir a principal das norma xerais enunciadas, a de favorecer a promoción xeral de todo o alumnado agás casos excepcionais debidamente xustificadas:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>a) A avaliación final será o resultado da <b>media aritmética das cualificacións obtidas nas dúas primeiras avaliacións</b>, coa</li></ul>



	<p>ponderación positiva ou negativa que se derive do desenvolvemento das actividades realizadas no terceiro trimestre.</p> <p>b) As cualificacións medias obtidas polos alumnos nas avaliacións primeira e segunda <b>poderán experimentar un incremento de ata 1 punto</b> en atención á efectiva realización, á entrega nos prazos estipulados e á calidade das tarefas encargadas no período non presencial.</p> <p>c) Non suspenderán os alumnos que tivesen unha nota media de aprobado antes do período das suspensións das clases. As observacións negativas que puideren emitirse sobre a realización das actividades do terceiro trimestre, non rebaixarán en ningún caso a nota que derive da media dos dous primeiros trimestres.</p> <p>d) Os alumnos con nota inferior a 5 e falta de traballo no período do terceiro trimestre sen razóns que a xustifiquen, oídas as opinións que se manifesten na xunta de avaliación, poderán suspender a materia. En calquera caso, no informe que se elabore figurarán propostos para seren incluídos no plan de recuperación que se deseñe para o curso 2020-2021 e, eventualmente, para as actividades de recuperación que se establezan para o período de vacacións.</p> <p>e) A proposta do informe individual de inclusión no plan de recuperación a que se refire o apartado anterior incluírá aqueles alumnos que foren propostos con cualificación de suspenso aínda que, tras as consideracións xerais observadas na xunta de avaliación, obtivesen a nota de aprobado.</p>
<p><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>	<p>Neste apartado, seguiranse os seguintes criterios:</p> <p>a) O exame será o instrumento de avaliación único e basearase na materia que foi impartida ata o momento da suspensión das clases presenciais o día 13 de marzo, sempre que a situación sanitaria o permita.</p> <p>b) A diferenza nos contidos impartidos entre os distintos grupos e os enfoques, nalgunha medida desiguais, que puideron ter as actividades do período non presencial, permiten a elaboración de diferentes exames ou a adaptación do exame común de 4º de ESO ás circunstancias de cada grupo.</p> <p>c) No caso dos alumnos que non puidesen desenvolver as súas tarefas no período non presencial, ademais dos resultados do exame poderase considerar no seu beneficio a realización de eventuais actividades de recuperación no período de vacacións.</p>
<p><b>Alumnado de materia pendente</b></p>	<p><b>Criterios de avaliación na convocatoria ordinaria</b></p> <p>a) Ao alumnado que ten a materia de Lingua castelá de 3º ESO pendente por non ter aprobado a través das dúas probas parciais de avaliación xa realizadas antes do 13 de marzo, avaliarase tendo en conta dúas formas posibles:</p>

	<p>b) De maneira xeral, desenvolvendo as actividades e tarefas que se lle indiquen tanto en relación coa materia de 3º curso como do curso no que está matriculado. Decidirase a cualificación que proceda tendo en conta os criterios expresados neste documento poñendo atención na conclusión e calidade dos traballos e as informacións do profesor ou profesora que lle deu clases.</p> <p>c) O alumnado que non se acollese á opción preferente sinalada no punto anterior ou non realizase con suficiencia os traballos encomendados, será convocado a un exame final telemático ou presencial da materia na data que se indique, segundo a Dirección Xeral de Educación e a situación sanitaria o permita.</p> <p>d) A proposta de cualificación dos alumnos que no se presenten non estarán suxeita aos criterios de avaliación final que se expresan no apartado <i>Avaliación</i> deste documento.</p> <p><b>Avaliación extraordinaria.</b> A avaliación de setembro virá determinada pola cualificación dunha <b>proba final única</b>. En calquera caso, a proposta de cualificación dos alumnos que no se presenten non estarán suxeitas aos criterios de avaliación final que se expresan no apartado <i>Avaliación</i> deste documento.</p>
	<p><b>Criterios de cualificación</b> A obtención dunha cualificación suficiente ou superior, por calquera das fórmulas detalladas no apartado <i>Criterios de avaliación</i>, outorgará ao alumnado a superación da materia pendente.</p>
	<p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dúas probas parciais, correspondentes á primeira e á segunda avaliación.</li> <li>- A realización e entrega das tarefas indicadas para a superación da materia do terceiro trimestre, durante o período da suspensión de clases presenciais.</li> <li>- Exame final, presencial ou telemático, no caso de non ter superada a materia do xeito preferente, se a situación o permitise.</li> </ul>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

#### Actividades

A procura das aprendizaxes do alumnado desenvolverase a través das actividades, tarefas ou exercicios que se propoñan a distancia, prescindindo das exposicións tradicionais da aula, e terán as seguintes características:

- a) As actividades terán un carácter flexible no seu deseño e grao de esixencia. Esta flexibilidade significa que as actividades deben ser o suficientemente versátiles para adaptárense á diversidade niveis de aprendizaxe, non prexudicarán o benestar dos alumnos por se presentaren excesivas ou con esixencias de especial dificultade e contemplarán as circunstancias materiais ou familiares no caso daquel alumnado que teña dificultades de acceso ás ferramentas informáticas.
- b) Desenvolveranse actividades de **repaso e reforzo** dos contidos adquiridos nos dous primeiros trimestres con exercicios de ortografía, léxico, categorías gramaticais, conxugación verbal, xéneros lírico e narrativo..., que desenvolverán no seu caderno, de xeito tradicional ou mediante recursos interactivos de autoaprendizaxe e autoavaliación. Actividades de comprensión lectora.
- c) **Actividades de recuperación:** a entrega dos exercicios, actividades e tarefas indicadas, dentro do prazo sinalado, serán valoradas como actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa, xunto cun algunha outra actividade específica de recuperación.
- d) As **actividades de ampliación** serán propostas para aquel alumnado que na data da suspensión da actividade presencial tivese acadado un rendemento satisfactorio, co fin de estimular a súa aprendizaxe.
- e) As tarefas de lectura que foran programadas para a terceira avaliación manteñen a súa vixencia como unha actividade máis de expresión e comprensión, sen prexuízo de considerar que deixaron de ser os instrumentos de avaliación co valor inicialmente previsto. No desenvolvemento das actividades de lectura non se considerará negativamente o seu incumprimento tendo en conta as probables dificultades para obter os libros que foron indicados, aínda tendo facilitado unha versión pdf na Aula virtual.
- f) No deseño das actividades non se obviarán as aprendizaxes vinculadas a competencias non directamente lingüísticas, que adquirirán consideración especial neste período. O profesorado do departamento observará a presenza e adquisición de habelencias especialmente relacionadas coas competencias de aprender a aprender, as dixitais e as vinculadas ao espírito

	<p>empresarial. Son aprendizaxes moi necesarias para realizar as actividades de aprendizaxe sinaladas e, nas circunstancias presentes, de moi importante consideración no momento de decidir a avaliación final do alumno e a súa promoción.</p> <p><b>g) Alumnado con Reforzo educativo:</b> Traballaranse os mesmos contidos, pero as súas actividades serán específicas para o Reforzo educativo, propostas polo libro de Vicens-Vives e Atención á Diversidade e outras deseñadas para a súa necesidade educativa.</p>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>A este departamento cónstalle que a singularidade dunha actividade docente non presencial que se desenvolve apenas a través da comunicación por medios telemáticos, presenta especiais dificultades para aplicar as medidas de atención á diversidade: os apoios ao alumnado con necesidades específicas, os reforzos e, de forma engadida, as atencións aos alumnos que non acceden aos medios informáticos necesarios. En calquera caso, o departamento seguirá as seguintes directrices:</p> <p>a) Atención, como quedou dito, ao deseño versátil e adaptado das actividades que se programen.</p> <p>b) Seguimento das indicacións xerais que apunta a normativa das administracións educativas.</p> <p>c) Cumprimento das indicacións que derivan do plan establecido pola dirección do Instituto en relación coa comunicación cos alumnos e as súas familias.</p> <p>d) A información que se debe intercambiar cos tutores, o equipo de orientación e as profesoras de apoio.</p> <p>Alén diso, a metodoloxía de traballo empregada foi:</p> <p>a) nun primeiro momento, conseguir os correos electrónicos dos diferentes grupos de alumnado para o establecemento da comunicación grupal. Contacto telefónico coas familias e cos rapaces, cando non foi posible a través do correo.</p> <p>b) Indicacións quincenais das tarefas, modos de realización, prazos de envíos... na Aula virtual, distribuídas en tres sesións semanais.</p> <p>c) Diariamente, consultas, aclaracións, resolucións de dúbidas e recepción das actividades a través do correo electrónico.</p> <p>d) Videoconferencias cos grupos ou individuais, de xeito puntual.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Neste terceiro trimestre cobran especial relevancia as ferramentas dixitais e os diferentes espazos virtuais, por medio dos cales se está a manter o contacto alumnado /profesorado para dar continuidade ao proceso de ensino-aprendizaxe. Cabe citar aquí o uso da Aula virtual, ordenadores, tablets, móbiles, e aplicacións para a realización de</p>

	<p>videoconferencias, coma Webex ou Jitsi.</p> <p>Recursos interactivos con diferentes actividades interactivas de autoaprendizaxe e exercicios, que complementan ás actividades de reforzo, repaso, recuperación e ampliación tradicionais.</p>
--	--

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Establécense os seguintes mecanismos de información</p> <p>a) O contido íntegro desta programación figurará na páxina web do centro dispoñible para os alumnos e as súas familias.</p> <p>b) O profesorado de Lingua castelá, a través dos mesmos medios telemáticos que utiliza para anunciar e facer seguimento das actividades deste trimestre, comunicará ao alumnado os elementos esenciais desta adaptación da programación e informará da súa dispoñibilidade para ser consultada.</p>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.